

## OBRAS HIDRÁULICAS



A actual depuradora de Reza, en Ourense, sobre a que pesa unha orde xudicial de derribo.

JOSÉ PAZ

## 21 millóns de euros ata o ano 2015

M.C.  
OURENSE

■ As obras hidráulicas como o abastecemento de augas ou o saneamento son das infraestruturas máis relevantes para o desenvolvemento dos concellos, por eso a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, leva a cabo ao longo do ano importantes inversións para mellorar ou no seu caso construír novas depuradoras ou colectores.

Na provincia de Ourense, a consellería anuncia unha inversión de 21,4 millóns de euros ata o ano 2015, da que se beneficiarán 13 concellos: Ourense, San Cibrao das Viñas, Pereiro de Aguiar, Arnoia, Toén, Baltar, Cortegada, Larouco, Melón, Carballeda de Valdeorras e Vilamartín de Valdeorras. A metade do presuposto previsto para as obras na pro-

vincia -10,1 millón de euros- corresponde a construción da nova depuradora da cidade de Ourense, que costará 67 millóns de euros e prevese que esté finalizada no ano 2015.

O Goberno galego prioriza esta actuación para ofrecer unha solución definitiva a esta infraestrutura, posto que a actual depuradora non ten capacidade suficiente e conta cunha orde xudicial de derribo.

**180.000 HABITANTES**  
A nova depuradora, que brindará cobertura a unha poboación potencial de 180.000 habitantes, financiaráse con fondos europeos e construírse en base a un acordo entre o Concello (que aportará 10 millóns de euros), a Xunta a través de Augas de Galicia (outros 10 millóns) e o Estado, 47 millóns. Ademais de incluír a construción da

### A NOVA DEPURADORA DE OURENSE, QUE SUSTITUIRÁ Á ACTUAL DE REZA, COSTARÁ 67 MILLÓNS DE EUROS

nova estación depuradora, o proxecto inclúe a demolición da actual e a recuperación ambiental da zona na que ésta se atopa (en Reza), si ben a nova atoparase a escasos metros da actual, augas abaixo.

As obras contemplan tamén a conexión da nova infraestrutura á red, prolongando o actual colector ata o bombeo de auga bruta da nova.

A segunda obra en importancia, por presuposto, será

OBRAS PREVISTAS ATA O 2015		
Concello	Inversións	
Mellores no Saneamento de Ourense: EDAR de Ourense	Ourense	67.109.000,00 €
Mellores no Saneamento no Rural de Ourense	Ourense	2.450.707,26 €
Mellores no Saneamento de San Cibrao das Viñas	San Cibrao das Viñas	1.268.813,00 €
Saneamento en Pereiro de Aguiar (Cortiñas, Derrasa e Reboredo)	Pereiro de Aguiar	3.200.000,00 €
Saneamento en Arnoia	Arnoia	955.943,56 €
Saneamento en Mostres, Toén	Toén	549.033,96 €
Mellores do saneamento en el núcleo de Baltar, Baltar (Ourense)	Baltar	109.896,14 €
Colectores e depuración en Cortegada e outros núcleos, Cortegada (Ourense)	Cortegada	580.920,70 €
Abastecemento e saneamento en Larouco, Larouco (Ourense)	Larouco	460.500,00 €
Saneamento, depuración e abastecemento en T.M. Melón (Melón)	Melón	264.151,95 €
Obras de abastecemento e saneamento en núcleos do municipio de Padín, Fase I	Padín	126.344,26 €
Colector xeral de saneamento en San Pedro de Limia, conexión con a EDAR de Polanco, Xanzo de Limia (Ourense)	Ourense	160.542,61 €
Conexión do saneamento de A Pena con a EDAR de Troncheiras, interconexións con a red de saneamento de Sobrado, Xanzo de Limia (Ourense)	Ourense	225.977,06 €
Mellores do abastecemento en Concello de Carballeda de Valdeorras	Carballeda de Valdeorras	610.200,00 €
Mellores do abastecemento en Vilamartín de Valdeorras (Ourense)	Vilamartín de Valdeorras	200.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>21.429.020,92 €</b>

o saneamento entre núcleos de poboación do Concello de Pereiro de Aguiar: Cortiñas, Derrasa e Reboredo. O investimento previsto supera os 3 millóns de euros.

No rural de Ourense in-

### A DEPURADORA OURENSANA DARÁ COBERTURA A UNHA POBOACIÓN DE 180.000 HABITANTES

vestiránse 2,4 millóns de euros en obras de saneamento. Outra obra importante que superará o millón de euros será a melloras no saneamento no Concello de San Cibrao das Viñas. ■